

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A REALIZACIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VEÁN ESPECÍFICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE PROMOVIDOS POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA NO MARCO DA CRISE SANITARIA PROVOCADA POLO VIRUS SARS CoV-2 (COVID19)

1. XUSTIFICACIÓN

O 31 de decembro de 2019 as Autoridades da República Popular China comunicaron á OMS varios casos de pneumonía de etioloxía descoñecida en Wuhan, unha cidade situada na provincia chinesa de Hubei. Unha semana mais tarde confirmaron que se trataba dun novo coronavirus que foi denominado SARS- CoV-2. Do mesmo xeito que outros da familia dos coronavirus, este virus causa diversas manifestacións clínicas englobadas baixo o termo COVID-19, que inclúen cadros respiratorios que varían desde o arrefriado común ata cadros de pneumonía grave con síndrome de distrés respiratorio, shock séptico e fallo multiorgánico. Non obstante, aproximadamente o 80% dos casos de COVID-19 notificados ata o momento son cadros leves. Ao tratarse dunha enfermidade transmisible débense extremar as medidas de precaución.

Coa información dispoñible ata o momento, o mecanismo principal de transmisión é por gotas respiratorias maiores de 5 micras (Pflügge), que non permanecen suspendidas no aire e deposítanse a menos de 1 ou 2 metros, por contacto directo das mucosas con secrecións, ou con material contaminado por estas, que poden transportarse en mans ou obxectos (similar á gripe). É probable unha transmisión por superficies infectadas e describiuse a transmisión relacionada coa asistencia sanitaria, especialmente ao cadro de persoal.

Ata onde coñecemos, o SARS- CoV-2 afecta de forma mais grave a maiores de 65 anos con patoloxía cardiovascular previa (sobre todo hipertensión e insuficiencia cardíaca) e en menor medida con patoloxía respiratoria crónica e diabetes. A letalidade aumenta coa idade. Os datos dispoñibles en China revelan que a mortalidade na franxa de idade entre 60-69 anos é de 3,6 %, entre 70-79 anos é do 8 % e a mortalidade nos maiores de 80 é do 14,8 %.

2. ANTECEDENTES: CAMPAMENTOS ESPECÍFICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2020

Pese á situación sanitaria derivada da Covid-19, a Xunta de Galicia apostou por seguir desenvolvendo programas cruciais para a conciliación das familias galegas e o ocio educativo das persoas con discapacidade como é o caso dos campamentos específicos para persoas con discapacidade.

Deste xeito, en 2020 levouse a cabo esta programación estival na que se ofertaron 185 prazas desde xullo ata inicios de setembro para mozas e mozos galegos. O resultado foi totalmente satisfactorio, pois xeráronse espazos de tempo libre seguros tras meses de confinamento, favoreceuse o impulso económico do sector e non se rexistrou ningún caso positivo de Covid-19 durante as actividades. Isto demostra a efectividade dos protocolos e normas aplicadas, así como o compromiso dos equipos técnicos, familias e participantes.

3. OBXECTIVOS

- Adaptar as actividades dos campamentos específicos de persoas con discapacidade da Xunta de Galicia ao escenario provocado pola afectación da COVID-19.
- Asegurar o coñecemento e correcta aplicación das medidas hixiénico-sanitarias tanto nas instalacións, como no persoal, equipo de monitorado e persoas participantes en cada campamento.
- Establecer un protocolo de actuación que permita dar unha resposta ante un posible caso infeccioso por COVID-19¹.

4. CAMPAMENTOS ESPECÍFICOS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

A Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade convoca por circular de 18 de maio de 2021 o Programa "Campamento de verán específicos para persoas con discapacidade".

Este programa permite gozar, durante 10 días, dunha estadía socializadora e de convivencia, nun espazo lúdico, humano, integrador, formativo e seguro;

1. https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/118/Protocolo%20manexo%20COVID-19%20AP_V19-3.pdf

mediante o desenvolvemento de actividades dirixidas ao fomento de habilidades sociais, ao contacto coa natureza e o mar, ao coñecemento da propia cultura e á educación para a saúde.

Ofértanse 185 prazas no Albergue Xuvenil Gandarío de Bergondo (A Coruña), na Residencia de Tempo Libre de Panxón en Nigrán (Pontevedra) e na Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense) para aquelas persoas que teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade, unha idade comprendida entre os 11 e os 45 anos e presenten calquera tipo de limitación e / ou necesidade especial.

Este programa vaise levar a cabo en distintas quendas no período comprendido entre o 1 de xullo e 14 de setembro de 2021

No contexto actual, cómpre realizar estes campamentos adaptados e extremando as precaucións e normas hixiénico-sanitarias, con actividades que garantan certo distanciamento social, pero sen perder nunca o carácter educativo, interactivo e de participación polo que se caracterizan.

Campamentos, en definitiva, que aporten seguridade ás familias e a os participantes, cun compromiso claro, como xa ocorreu en 2020, por parte da Administración, das empresas adxudicatarias e do equipo de actividades para traballar por un ocio educativo de calidade dentro das circunstancias actuais.

4.1. As instalacións

Este protocolo será de aplicación para as seguintes instalacións propias da Xunta de Galicia, nas que, de xeito habitual, se levan desenvolvendo este tipo de campamentos:

- Albergue Xuvenil Gandarío de Bergondo (A Coruña)
- Residencia de Tempo Libre de Panxón en Nigrán (Pontevedra)
- Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense)

4.2. A convivencia

Outro dos puntos que cómpre ter en conta dentro dun campamento é a convivencia. Todas as actividades incluídas dentro dos campamentos de verán para persoas con discapacidade da Xunta de Galicia supoñen pasar a noite nas instalacións, tanto dos participantes, como do persoal das actividades (xerente, director de tempo libre e monitores de tempo libre) e demais persoal interno (enfermeiro/a e, nalgúns casos, persoal de limpeza, cociña e mantemento).

A convivencia estrutúrase, na práctica, en diferentes quendas de participantes cunha duración de 10 días. Durante esa quenda conviven, por tanto, un equipo de actividades específico (director/a e monitorado) cun grupo tamén específico, así como un enfermeiro/a. Ademais, o/a xerente adoita permanecer na instalación desde o inicio ata o final do período xeral dos campamentos. Pola súa banda, o persoal de cociña, limpeza e mantemento pode permanecer só na instalación durante a súa xornada laboral, dependendo da instalación. Isto significa que a convivencia entre persoas está vinculada a un grupo específico e controlada desde o punto de vista organizativo, o que fará máis áxil delimitar a área de contactos de detectarse un caso posible positivo por COVID-19 durante algunha quenda.

5. CAMPAMENTOS FRONTE Á COVID-19: COMPROMISO CONXUNTO

A posta en marcha destes campamentos durante o verán de 2021 axudaralles ás familias galegas a conciliar, e as persoas con discapacidade a poder desfrutar de actividades de ocio e educación non formal. Pero estas actividades, así como as demais do ámbito do tempo libre, deben adecuarse, tal e como se leva facendo desde o inicio da crise sanitaria, ás recomendacións das autoridades sanitarias para cada situación ou fase determinada.

Por tanto, Administración e empresas adxudicatarias traballarán conxuntamente para realizar todas as adaptacións necesarias, tanto no aforo, no ámbito das actividades e nas instalacións co obxectivo de velar pola seguridade das persoas participantes e pola calidade na programación. **Esta información será posta en coñecemento dos pais/nais/titores legais dos participantes que obtivesen praza nos campamentos con anterioridade a comezar a actividade.**

Este compromiso cos mecanismos de prevención e coas medidas hixiénico-sanitarias debe ser tamén compartido polas propias familias e participantes. Deste xeito, non se admitirá a entrada aos campamentos ás seguintes persoas:

- A aquelas con síntomas compatibles coa COVID-19.
- A aquelas ás que se lles diagnosticase a enfermidade e non finalizasen o período de illamento.
- A aquelas que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto

estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19

Se a persoa participante está nalgún destes supostos, antes de comezar a súa quenda deberá poñerse en contacto co servizo de prevención da dependencia da dirección xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade para comunicar a súa baixa e proceder así ao reintegro do abono da praza. En ningún caso se permitirá o cambio de quenda.

Por outra banda, aqueles participantes que presenten condicións de saúde que lles fan máis vulnerables para a COVID-19, poderán participar na actividade, sempre que a súa condición clínica estea controlada e llo permita, e mantendo medidas de protección de forma rigorosa.

Para ser admitido/a nun campamento é necesario non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio polo que é necesario cubrir unha **declaración responsable** sobre o estado de saúde da persoa participante (na que se aclare que non concorren ningún dos tres puntos anteriores que denegan a entrada á instalación). Así mesmo, os participantes deberán achegar coa solicitude o **informe médico** no modelo establecido ao efecto.

En todo caso, e para un maior coñecemento e seguridade da propia organización, así como de todas as familias, tamén será preciso cubrir un documento de aceptación das condicións de participación e de autorización a que se lle realice á persoa participante unha proba diagnóstica de infección activa (PDIA), no caso de que sexa necesaria segundo o indicado polas autoridades sanitarias durante o transcurso da actividade, asinado polos pais/nais/titor legal (no caso de menores de idade) ou pola persoa participante (no caso de maiores de idade).

Recoméndase, así mesmo, comunicar de forma previa ás familias ou responsables dos/as participantes, a recomendación de limitar contactos e actividades de risco de COVID-19 nos 10 días previos á realización do campamento.

6. MEDIDAS HIXIÉNICAS E ORGANIZATIVAS NA INSTALACIÓN

En cada campamento nomearase unha persoa responsable ou coordinadora COVID19, que será a responsable da coordinación das medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen neste documento. Esta será a encargada de contactar coa Xefatura Territorial de Sanidade se existise algún abrocho ou algún caso de sospeita para coordinar as medidas de control deste.

Da mesma forma, na Consellería de Política Social existirá un equipo COVID19 que será quen coordine as medidas anteriormente descritas, informe á Consellería de Sanidade de incidencias e exerza de interlocutor con esta ou de consultor cando así o soliciten dende as instalacións onde se desenvolvan os campamentos de verán.

En xeral, en cada instalación extremarase a limpeza e as medidas de prevención en zonas comúns, comedores ou espazos similares, lavabos e duchas, habitacións/tendas de campaña e salas interiores e cumpriranse as recomendacións en canto á ventilación dos espazos.

6.1. Hixiene e limpeza

Deste xeito, procederase a realizar unha limpeza e desinfección xeral en toda a instalación previa ao inicio dos campamentos. Ademais, este proceso de desinfección total levarase a cabo tamén entre o remate e o inicio da seguinte quenda. Esta acción non substituirá, en ningún caso, a desinfección diaria dos espazos ocupados, cuxa limpeza se verá reforzada.

En liñas xerais, estas serán as pautas hixiénicas:

- Como primeira opción en calquera caso, recoméndase a hixiene de mans con agua e xabón sempre que sexa posible. Noutro caso, aplicarase solución hidro-alcohólica nas mans ao entrar e ao saír das dependencias e dos aseos.
- Existirán dispensadores de xel en todos os espazos comúns e haberá persoas encargadas de supervisar que sempre estean cheos.
- Eliminaranse os mobles e utensilios que non sexan precisos dos espazos nos que se realizará a actividade.
- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénico-sanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade (sinalizacións en canto a distancias de seguridade, sentidos de circulación, localización, espera de quenda).
- Procederase a desinfectar o material empregado polas persoas participantes antes dun novo uso.



- Deberá extremarse a limpeza, prestando especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas, pasamáns, billas, etc.
- Utilizaranse desinfectantes como solucións de lixivia (1:50) acabada de preparar ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.
- Debe garantirse a correcta ventilación dos espazos. Manterase a ventilación dos aseos permanentemente e indicarse que os inodoros se descarguen coa tapa pechada.
- No caso de programar actividades que aumentan a emisión de aerosois como gritar, cantar ou o exercicio físico intenso, recoméndase realizalas sempre no exterior e, se non fose posible polas condicións climáticas ou contexto e non se puidesen pospor, garantir unha adecuada ventilación e o uso adecuado da máscara, e maximizar a distancia.
- Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo.
- As papeleiras deben ser con tapa e apertura de pedal e deben estar distribuídas por todo o edificio.
- Os ascensores, de habelos, serán obxecto de limpeza continuada. O número de persoas que os utilicen debe ser aquel que permita manter a distancia de seguridade. Sempre se recomendará a utilización de escaleiras de forma preferente, cando sexa posible.
- Cando existan máquinas que se activan ao tacto, é preciso desinfectar as mans antes e despois do seu uso; e a limpeza debe de ser especialmente exhaustiva nos puntos de contacto directo coas persoas usuarias.
- Os dispensadores de auga empregaranse extremando as medidas de hixiene. En ningún caso se pode beber directamente das billas.

Así mesmo, manteranse as seguintes frecuencias específicas de hixiene polas diferentes zonas:

- Superficies de maior uso. Asegurarase unha adecuada limpeza.



- Zonas comúns (salas, aulas...): limpanse como mínimo dúas veces ao día se son usadas.
- Cociña, comedor e similares (tipo merendeiros): despois de cada uso.
- Lavabos e duchas: deberase reforzar a limpeza e desinfección dos aseos, garantindo realizala como mínimo dúas veces ao día, despois dos momentos de maior uso (mañá e noite).
- Habitacións: recoméndase a máxima aireación posible como mínimo de 15 ou 20 minutos diarios ou durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Extremarase a limpeza nas portas, pomos, ventás, espellos, mesas e demais mobles da habitación. De ser posible, a lencería de cama será renovada, se o campamento dura 7 ou máis días a metade da quenda e, en todo caso, ao finalizar cada quenda. Deberá someterse a un ciclo completo a unha temperatura de entre 60 a 90 grados. Correspóndelle a cada particular recoller a roupa sucia e gardala nunha bolsa pechada; evitase sacudila e lavarase as mans tras realizar esta tarefa.

É importante que as persoas usuarias manteñan a súa estancia recollida para favorecer as tarefas de limpeza.

6.2.Ventilación dos espazos.

En canto á ventilación, deberanse ter en conta as características do espazo que se vai ventilar, seguindo as seguintes indicacións:

- Preferirase a ventilación natural. Abriranse as ventás polo menos durante 15 minutos antes de entrar no local ou espazo de que se trate, incluso aínda que haxa ventilación mecánica. Repetirase coa frecuencia necesaria para permitir a renovación do aire. Recoméndase o uso da ventilación cruzada. Débese priorizar a ventilación natural por riba de aspectos como as condicións de temperatura e humidade necesarias para o confort térmico.
- No caso de que o espazo non dispoña de ventás e teña un sistema de ventilación centralizada, debe subministrar tanto aire exterior fresco como sexa posible: 12,5 l/s e ocupante (mínimo recomendable). Limitarase ao



máximo a recirculación do aire interior.

- No caso de dispoñer de sistemas *fancoils* ou *split* (tipo cassette): recoméndase apagalos. Se non é posible, entón os seus ventiladores deben funcionar continuamente.
- Unicamente no caso de locais con dificultades para obter unha ventilación satisfactoria, recoméndase o uso de unidades portátiles equipadas con filtros de alta eficiencia HEPA, situadas nos espazos para tratar. É preciso que manteñan un índice de movementos hora significativo.
- Débese solicitar o asesoramento do persoal técnico encargado do mantemento dos sistemas de climatización co fin de garantir unha adecuada renovación do aire no local. Este persoal técnico mantedor debería estar acreditado para realizar mantementos segundo o RITE.

Se se seguiron as recomendacións sobre o aumento da achega de aire exterior, ausencia de recirculación e parada de recuperadores rotativos, non é esperable que haxa transporte nin existencia de virus na rede de condutos de achega que poidan contaminar as estancias ás que atenden; polo que, con relación ao SARS-CoV-2 non é necesario facer a limpeza da rede de condutos.

Recoméndase substituír os filtros de aire de acordo co programa de mantemento xa establecido en cada edificio.

Máis información sobre sistemas de climatización do local está dispoñible na [guía do Ministerio](#)

6.3. Persoal de limpeza e cociña

Todas as súas tarefas deben realizarse con máscaras (hixiénicas ou cirúrxicas) e guantes dun só uso e non portar ningún tipo de anel, pulseira, pendentes ou similar. Unha vez rematadas as tarefas deberán realizar unha completa hixiene de mans, con auga e xabón, como indican as diferentes recomendacións hixiénicas dispoñibles na páxina coronavirus.sergas.gal, e mudar o seu uniforme de traballo.

Se non son persoas convivintes na instalación, é importante que non acudan desde o exterior aos centros cos guantes postos. Deberase realizar unha limpeza

ou desinfección de mans á entrada ao centro e empregaranse os guantes para actividades puntuais, tendo sempre presente a forma correcta de quitálos e asegurando unha limpeza adecuada de mans posterior. Os guantes empregados deben rexeitarse en recipientes con tapa e accionados a pedal.

6.4. Persoal externo (mercancías)

Para a recepción de mercancías habilitarase unha zona de descarga á que accederá o transportista, evitando tanto o contacto co persoal de cociña como o acceso a almacéns e cámaras. Unha vez o transportista marche, procederase á desinfección oportuna das embalaxes, antes de ser trasladadas ao lugar de almacenaxe. Cando o material o permita, optarase por eliminar totalmente a embalaxe orixinal. En todo caso, o xerente da instalación deberá velar porque non entre ao recinto ningunha persoa allea que non teña autorización previa.

Na organización dos servizos e actividades diferenciaranse os circuitos de servizos (limpeza, subministracións ou cociña) dos de participantes e actividades, para evitar o contacto entre persoas adultas dos servizos e os participantes e o monitorado.

6.5. Organización e distribución de espazos

Ademais de incrementar as medidas de limpeza das propias instalacións, é preciso redistribuír os espazos para favorecer o distanciamento social nas zonas onde pode haber unha maior concorrencia de persoas. Neste sentido, cómpre lembrar que os campamentos son espazos de convivencia en xeral, tanto a nivel de actividades como no resto do día a día (comedor, habitacións...), polo que cómpre realizar unha aposta decisiva por compatibilizar o recomendado distanciamento social -con grupos máis reducidos de participantes, por exemplo- coa calidade e compoñente de diversión e educación da iniciativa.

Tendo isto presente (ámbito que será tratado máis detalladamente no punto 7), é preciso abordar o distanciamento social específico no resto de espazos comúns e/ou compartidos. Sinálanse, por tanto, as seguintes instrucións:

- Zonas de comedor ou similares: non superarán o aforo que garanta unha distancia mínima de 1,5 metros entre comensais. Os comensais, que se agruparán segundo o subgrupo ao que pertencen, portarán máscara e só poderán sacala no momento de inxerir alimentos. Se é preciso establecer



quendas de comida para poder cumprir con este protocolo, deberán ser articuladas pola xerencia da instalación. Debe retirarse das mesas calquera elemento decorativo e produtos de autoservizo, priorizando as monodose dun só uso. Todos os campamentos contan cun servizo de comida tipo buffet, polo que se deberá arbitrar un sistema de acceso que evite aglomeracións, así como a manipulación de aparellos de uso común. Será o propio persoal o encargado de manipular e servir, coa axuda do persoal técnico se for necesario.

- Lavabos e duchas: o uso das duchas estará controlado polo monitorado de cada grupo. O/A xerente e o/a director/a de tempo libre, en colaboración co equipo de monitorado, establecerán quendas de mañá e de tarde para evitar unha ocupación elevada e garantir tamén a súa correspondente limpeza tras o seu uso. Se a instalación é un albergue xuvenil procurarse facer uso dos mesmos lavabos en función da habitación/pavillón no que se estea aloxado.
- Habitacións: na ocupación das habitacións garantirase sempre unha distancia entre camas de 1,5 metros. No momento da pernoita non será preciso o emprego de máscara. No caso de liteiras, ocuparse unha soa cama por liteira.

7. MEDIDAS ORGANIZATIVAS NAS ACTIVIDADES

Tal e como se mencionou no punto anterior, os campamentos son espazos de convivencia, sobre todo no ámbito da programación de actividades, que se busca que sexa interactiva e participativa para conseguir a integración e inclusión de todos os participantes. En todo caso, na situación actual é preciso realizar unha aposta decidida pola seguridade de participantes, monitorado e demais persoal técnico, tratando de non perder a calidade na actividade.

Traballarase, por tanto, para levar a cabo a adaptación da programación de actividades ás normas hixiénico-sanitarias establecidas.

Nos casos nos que sexa necesario unha distribución interna das actividades, esta farase por subgrupos de participantes, que rotarán por todas elas dun xeito ordenado, evitando así o contacto entre os subgrupos.

Cómpre ter en conta as seguintes pautas á hora da realización das diferentes



actividades no transcurso do campamento:

- A configuración de cada subgrupo non poderá contradicir a normativa vixente no ámbito das actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil. Os subgrupos deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.
- As persoas participantes deberán realizar o correspondente lavado de mans con auga e xabón, cando menos, ao comezo e remate de cada actividade, antes e despois das comidas e despois de ir ao lavabo. O equipo de monitorado será o encargado, tras recibir a formación oportuna, de ensinalle aos rapaces e rapazas, o primeiro día de campamento, todas as normas de comportamento e seguridade. Pódense consultar titoriais no enlace: <https://femora.sergas.gal/Seguridade/Video-5-EPI>
- Procurarase dotar con equipos de material individual ás persoas participantes naquelas actividades que sexa posible. Se isto non for posible, tras cada uso e antes de ser utilizado de novo por outra persoa, este material deberá desinfectarse ou hixienizarse de xeito adecuado.
- Manterase a distancia interpersoal de seguridade sempre e cando sexa posible, priorizando aquelas actividades que faciliten este distanciamento. En todo caso, e aínda que se garanta esta distancia, o emprego de máscara será obrigatorio naquelas actividades que se realicen en espazos pechados, tanto por parte do persoal monitor como das persoas participantes, segundo o establecido no punto 1.4 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Cómpre destacar que, en virtude da citada Orde, a obriga de uso de máscara non será exixible nas praias, piscinas, lagos, encoros, ríos ou outras zonas de baño, durante o baño, e mentres se permaneza nun espazo determinado, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non convivintes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias e piscinas, lagos e demais contornos acuáticos, así como para o uso de vestiarios de piscinas públicas ou comunitarias, salvo nas duchas, cando non se poida manter a distancia de seguridade



interpersoal de 1,5 metros entre persoas non conviventes.

- O uso de guantes non é recomendable de xeito xeneralizado, só para casos particulares, como a manipulación de alimentos que van ser consumidos en cru, por exemplo.
- As actividades grupais, como veladas ou xogos lúdicos, poderanse organizar en grupos máis reducidos, garantindo a distancia entre participantes e o emprego de máscara se se realizan en espazos pechados. Deberase tentar que non se perda o obxectivo e calidade da actividade.

8. MEDIDAS DE PREVENCIÓN E HIXIÉNICO-SANITARIAS

A maiores das medidas de hixiene e limpeza que se realicen nas instalacións, débese primar tamén a propia prevención e hixiene persoal, tanto do equipo de monitorado como dos participantes no campamento. Todas as recomendacións ao respecto (tales como o correcto lavado de mans, o uso de panos desbotables ou as medidas ante un tusido) pódense consultar na web coronavirus.sergas.gal e estarán tamén visibles a través de cartelaría e diferentes medios de difusión na propia instalación.

8.1. Equipo da empresa de actividades: xerente, director e monitores de tempo libre

- A empresa adxudicataria da instalación deberá poñerse en contacto con todo o seu persoal contratado antes de que comece cada quenda, para coñecer o seu estado de saúde e saber se estivo exposto a risco de contaxio. Do mesmo xeito que xa se manifestou con anterioridade, non se admitirá a entrada aos campamentos ás seguintes persoas: aquelas con síntomas compatibles coa COVID-19, as que se lles diagnosticase a enfermidade e non finalizasen o período de illamento, ou as que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.
- A empresa adxudicataria disporá dun procedemento de manexo de casos e contactos que debe ser coherente cos recursos e procedementos establecidos no ámbito territorial concreto no que se desenvolva esa



actividade de tempo libre infantil e xuvenil. O procedemento debe incluír tanto a participantes como a persoas traballadoras/monitoras, e debe de estar dispoñible para as autoridades de Saúde Pública, se así o requiren.

- Así mesmo, a empresa adxudicataria, en colaboración coa Administración autonómica, encargarse de formar o monitorado e demais persoal técnico sobre os procedementos hixiénicos-sanitarios que cómpre seguir, así como sobre os diferentes protocolos que se poñan en marcha para garantir o cumprimento das medidas establecidas.
- A empresa executora das actividades velará por que todo o seu persoal coñeza, en cada momento, as normas, recomendacións e protocolos necesarios para desenvolver as actividades coa máxima garantía e calidade, así como as posibles modificacións que poidan xurdir ao longo do tempo.
- Manterán un rexistro adecuado das persoas que forman os subgrupos, así como dos grupos de pernoita.
- A Consellería de Política Social porá a disposición un documento de aceptación das condicións de participación para ser asinado polos pais/nais/titores legais. Incluirá:
 - Aceptación das medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde, e compromiso de cumprilas.
 - Declaración de coñecemento dos síntomas compatibles coa COVID-19 e dos riscos que poida supoñer para unha persoa vulnerable e que non se acudirá no caso de ter síntomas ou estar en corentena.
- Así mesmo, porá tamén a disposición das persoas interesadas un documento de declaración responsable no que se asuma o compromiso de recollida da actividade no caso de ter síntomas ou precisar corentena por contacto estreito. Cando a actividade teña lugar noutra Comunidade Autónoma (programa de Intercambios), incluírase o compromiso de recollida e traslado da persoa participante, en caso de necesidade, dende a Comunidade Autónoma de destino a Galicia, así como, no caso de que non for posible o traslado a Galicia de maneira segura, o compromiso de desprazamento para acompañamento do/a participante durante a

corentena ou illamento.

- Solicitaráselles tamén ás persoas interesadas o consentimento para a realización dunha PDIA (Proba Diagnóstica de Infección Activa) no caso de que así o indiquen as autoridades sanitarias.
- Comunicarase previamente e con antelación suficiente, ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia na zona na que se sitúe o campamento, a previsión de realización deste, con datas, situación e número de asistentes, co fin de coordinar de forma adecuada calquera incidencia en relación coa saúde durante a estancia, e especificamente todo o relacionado coa xestión dos posibles casos ou contactos de COVID-19.

8.2. As persoas participantes

Ademais de todos os requisitos anteriormente expostos, os nenos/as e mozos/as participantes nos diferentes campamentos deberán velar, en colaboración co seu equipo de monitorado, pola súa correcta hixiene persoal: incrementando o lavado habitual de mans, evitando coller pertenzas alleas, a través dun correcto uso das habitacións/tendas de campaña ou da zona de comedor, etc.

Así mesmo, o/a participante deberá presentarse á hora e día establecido en función da quenda na que obtivese praza. **O horario de chegada deberá notificarse previamente e coa antelación suficiente ao persoal da instalación** para poder graduar as chegadas e evitar aglomeracións puntuais no acceso de entrada, realizando o acceso de forma ordenada e gardando a distancia de seguridade mínima de metro e medio, tal e como quedará recollido nas respectivas cartas informativas. A persoa participante só poderá vir acompañada por un pai/nai ou titor legal, co obxectivo de reducir a entrada a persoal alleo á instalación, limitándoo ao mínimo imprescindible. O mesmo procedemento empregarase para o día da recollida. No momento de entrada do/a participante ao campamento tomarase a temperatura a través de dispositivos de lectura biométrica que non impliquen contacto físico.

No día de chegada ao campamento organizarase unha dinámica lúdica-formativa, adaptada a cada franxa de idade, para que os nenos/as e mozos/as coñezan as diferentes medidas de prevención, hixiénico-sanitarias e os distintos protocolos que se deben seguir durante a súa estancia na instalación. Incidirase na propia hixiene persoal e no protocolo de detección: ante calquera síntoma vinculado coa COVID-19, será necesario que o comuniquen canto antes ao seu monitor ou monitora de referencia (punto 9).

9. MEDIDAS DE ACTUACIÓN ANTE A SOSPEITA DUN CASO DE COVID-19

Ante a manifestación de síntomas relacionados coa COVID-19 por parte dos nenos/as participantes, será necesario que comuniquen esta circunstancia canto antes ao monitor ou monitora encargada da actividade, que de xeito inmediato poñerá en coñecemento esta situación ante a xerencia da instalación para articular o oportuno protocolo de illamento.

- Deste xeito, a persoa participante que presente este tipo de síntomas deberá ser trasladada ao lugar de illamento previamente elixido para xestionar os supostos casos de COVID-19, que deberá contar con ventilación adecuada e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar.
- A persoa en cuestión será atendida, en primeiro lugar, polo persoal enfermeiro, que contará cunha máscara facial FFP2 e encargarse de realizar unha primeira intervención con todas as medidas de prevención e seguridade sanitaria precisas.
- Unha vez confirme os síntomas, e de ter na instalación material preciso para realizar test de antíxenos, levarase a cabo esta proba. Se isto non é posible, porase en contacto co centro de saúde de referencia para que un médico/a avalíe a situación. Se a persoa presenta sintomatoloxía grave, chamarase ao 061.
- Así mesmo, avisarase tamén ao pai/nai/titor legal da persoa participante, aos que se terá plenamente informados do avance da situación, así como da decisión que finalmente tomen as autoridades sanitarias.
- O persoal monitor encargado do subgrupo no que estivese a persoa participante, en colaboración co persoal enfermeiro, encargarse de revisar o círculo de contactos estreitos do grupo da nena ou neno posible afectado, co fin de manter unha corentena preventiva mentres non se descarte que se trata dun caso infeccioso por COVID-19.
- Se finalmente se confirma un caso positivo por COVID-19, a persoa coordinadora COVID19 poñerase en contacto coa Xefatura Territorial de Sanidade para dar parte da situación.
- A persoa participante deberá abandonar o campamento e será recollida,

así como todos os seus útiles, polo pai/nai ou titor legal. A persoa participante deberá permanecer na sala de illamento ata que non sexa recollido polos seus responsables.

- Os contactos estreitos tamén deberán abandonar o campamento e serán recollidos polo pai/nai ou titor legal.
- Se houberse imposibilidade de desprazamento ao lugar de orixe por ser este nun transporte colectivo ou por calquera outro motivo, o pai/nai ou titor legal desprazarase ao lugar onde se atopa o campamento para recoller o menor, que realizará o período de illamento ou corentena fóra da instalación xuvenil, co seguimento adecuado polas autoridades sanitarias, ata que poidan volver á súa residencia habitual.
- En todo momento seguiranse as indicacións das autoridades sanitarias competentes, que serán as que tomen as decisións precisas para protexer a saúde das persoas participantes na actividade.
- Por último, haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección dos espazos e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde coa situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

A maiores das pautas anteriores, en todo momento seguiranse as indicacións das autoridades sanitarias competentes, que serán as que tomen as decisións precisas para protexer a saúde das persoas participantes na actividade.

Respecto á consideración de contacto estreito nos campamentos ante un caso de COVID-19 confirmado considerarase como contacto estreito a todas as persoas integrantes do grupo de pernoita e do subgrupo ao que pertenza, e a calquera persoa que cumpra os criterios establecidos pola Estratexia de detección precoz, vixilancia e control de COVID-19 en vigor.